

# Páxinas Informativas do Museo do Pobo Galego



Museo do Pobo Galego • San Domingos de Bonaval • 15703 Santiago de Compostela  
tel. 981 583 620 • fax 981 554 840 • www.museodopobo.es • correo electrónico: info@museodopobo.com

Dirección: Carlos García Martínez ■ Secretaría: María-Xosé Fernández Cerviño  
Redacción: David Conde Lourido, Ana Estévez Lavandeira, Rosa Méndez García, Belén Sáenz-Chas Díaz  
Administración: Xulia Vázquez Randulfe

setembro 4/2008



Obras no módulo de Ferreiros e Ferradores

*No mes de agosto principiou a execución dun conxunto de obras de reparación e mellora en diversas salas do Museo. O paso do tempo vai deixando a súa pegada naquelas instalacións máis antigas, que dan mostras do deterioro producido polo uso e polas condicións estruturais e ambientais que fan necesario someter o histórico edificio do antigo convento dominico de Bonaval a traballos sistemáticos de mantemento.*

*Mentres avanza a redacción do plan director do conxunto monumental, auspiciado polo Consorcio de Santiago, a intervención dos Departamentos de Conservación, Exposicións e Mantemento, que afecta tanto ás condicións das salas como dos fondos expostos, obriga a manter pechadas ao público durante algunhas semanas, e de xeito sucesivo, parte das salas de oficios situadas na planta baixa e na entreplanta do corpo*

*norte do Museo, así como a sala do Mar. As obras, unha vez rematadas, traduciranse nunha mellora apreciable da montaxe das salas afectadas, incluíndo novos elementos explicativos.*

*Solicitamos a comprensión dos socios e visitantes e pedimos desculpas polas molestias que estes traballos poidan ocasionar.*

*A Dirección*

## ACTIVIDADES DO MUSEO

### EXPOSICIÓNS

#### ■ Paisaxes humanizadas, terras vividas.

Fotos de Luís Hixinio López Rivas

Ata 26 outubro

Co patrocinio da Xunta de Galicia: Consellería de Cultura e Deporte – Consellería de Medio ambiente e Desenvolvemento sostible

O pasado 16 de setembro inaugurouse unha mostra fotográfica de Luís Hixinio Flores Rivas, que presenta un novo proxecto encamiñado a deixar testemuño da cultura tradicional da paisaxe, unha preocupación que está presente en todo o seu traballo. O comisario desta exposición, o etnólogo José Luís Mingote, salienta que nestas imaxes se poden contemplar múltiples solucións técnicas, que permiten ser conscientes das variadísimas posibilidades existentes á hora de solucionar un problema. Constatar esta diversidade tipolóxica é unha constante na obra de Luís Hixinio e chega con mirar calquera dos apartados desta mostra para decatarse da



complexidade de solucións empregadas para resolver quer o paso dun río ou un regato, quer a maneira de pechar unha parcela.

Acompaña a exposición un catálogo a toda cor,

con textos introdutorios de José Luís Mingote e Begoña Bas. Os socios do Museo pódono adquirir cun 40% de desconto sobre o prezo de venda ao público (20€).

#### ■ Proxecto didáctico Antonio Fraguas

11 outubro-23 novembro

Organizan: Fundación Antonio Fraguas Fraguas e Museo do Pobo Galego

Patrocinan: Consellería de Cultura e Deporte. Fundación Caixa Galicia. Fundación Caixanova

Exposición dos traballos seleccionados na 5ª edición do Proxecto didáctico Antonio Fraguas. Nesta ocasión as propostas premiadas polo

xurado foron o proxecto *As fábricas da luz de Rechinol, Portodís e Portochao como exemplo de descoñecemento do noso patrimonio cultural* do IES de Melide e a proposta do IES Concepción Arenal de Ferrol, *As embarcacións tradicionais da Comarca de Ferrol*. O Departamento de Educación e Acción cultural do Museo colabora cos centros na montaxe da mostra que recolle os materiais elaborados ao longo do pasado curso académico.

#### ■ Xenaro Martínez Castro

4-30 novembro

Coa colaboración da Fundación Caixa Galicia, Gonzacar, Litonor, Galería SCQ, e-burbulla e Artecom

Hai un ano que nos deixou Xenaro Martínez Castro. O seu pasamento prematuro, en plena madurez da súa traxectoria como fotógrafo, foi fundamente sentido polos seus moitos amigos e coñecidos, entre os que deixou unha pegada perdurable pola súa calidade profesional e humana. Esta conxunción fixo xurdir espontaneamente entre algúns de nós o desexo de manifestar a estima que sentimos por el. E o Museo do Pobo Galego, institución da que foi socio e coa que mantivo unha relación de colaboración xenerosa, asumiu o compromiso de acoller esta mostra, que conmemora o primeiro aniversario da súa desaparición.

Baixo a organización de Mercedes Rozas, tamén socia do Museo, e de Xosé Ramón Fandiño, membro do noso Padroado, reuniuse unha antoloxía dos traballos de Xenaro Martínez sobre o patrimonio histórico e a paisaxe, con algunhas incursións no ámbito da fotografía etnográfica. Procurouse recoller as imaxes máis persoais, algunhas delas inéditas, que son testemuñas patentes da visión estética e poética do fotógrafo.



Exposición do Proxecto didáctico 2007. Foto Margen

## PUBLICACIÓNS

### ■ *A muller na literatura medieval e outras achegas etnográficas* Xosé María Álvarez Blázquez

Neste ano 2008, dedicado a Xosé María Álvarez Blázquez, o Museo do Pobo Galego quere celebrar a memoria do que fora seu vicepresidente desde que se constituíu o Padroado, en xullo de 1976, ata o seu pasamento o 3 de marzo de 1985.

Os materiais que se recollen neste número 17 da serie Alicerces, presentados en congresos celebrados en Portugal, mostran como o interese do autor se foi desprazando desde o ámbito da cultura popular cara ás pescudas na literatura medieval. Son estes *Os tratos dos nenos na bisbarra de Tui* (Porto 1958), *O libro na tradición popular galega* (Braga 1956), *A muller na lírica*


*medieval galego-portuguesa* (Braga 1959) e *O romance de "Silvaniña" en Galiza e Portugal* (Santo Tirso 1963).

Velaquí, pois, co noso agradecemento aos sucesores do autor, esta homenaxe ao benemérito valedor das letras galegas que foi Xosé María Álvarez Blázquez.

### ■ *Señoras e señores. O solpor dun legado* Ricardo Alcalde

Vén de se editar, co patrocinio da Vicepresidencia da Xunta de Galicia, o catálogo da exposición de fotografías de Ricardo Alcalde organizada en 2006 e que durante o presente mes de setembro se exhibe no Museo marítimo Seno de Corcubión. O catálogo vai acompañado dun ensaio introdutorio de Marcial Gondar.

O prezo de venda ao público é de 31,20 €. Os socios do Museo pódono adquirir co 40% de desconto.



## III MOSTRA DE CINEMA DOCUMENTAL ETNOGRÁFICO

Por terceiro ano consecutivo, o Departamento de Educación e Acción cultural do Museo, en colaboración coa comarca de Sobrarbe, organizadora do festival de cinema etnográfico *Espiello*, organiza a Mostra de Cinema documental etnográfico entre os días 31 de outubro e 6 de novembro. Esta actividade conta co patrocinio da Concellería de Cultura de Santiago de Compostela.



*Un deserto de flores*

### PROGRAMA

#### VENRES 31 de outubro

##### ■ 19.30 *Da regueifa ao rap*

Directoras: Helena Villares Gallardo, Pilar Pérez Faxil (Galicia). 50'

Documental sobre a historia e evolución da regueifa na cultura popular galega, así como o emerxente mundo do rap e o Hip hop no panorama musical galego dos últimos anos.

Trala proxección, o acto de inauguración da mostra contará cunha actuación de regueifa e hip-hop.

#### SÁBADO 1 de novembro

##### ■ 18.00 *Guinea en patués*

Premio ESPIELLO PIRINEOS

Director: José María Mur Torrecilla (Huesca)

##### ■ 19.00 *Ciclo combinado*

Directoras: Sabela Pernas Soto,

Nuria Castro Prieto

##### ■ 19.30 *Un deserto de flores*

Director: Manuel Iglesias Nanín.

Música de Roberto Sobrado

#### LUNS 3 de novembro

##### ■ 18.00 *Ainielle tiene memoria*

Premio ASECIC "Guillermo Zúñiga"

Director: Miguel Ángel Viñas (Madrid)

##### ■ 19.00 *PIC-NIC*

Premio ao mellor documental galego no IV Festival Internacional de Documental Play-Doc (Tui, 2008)

Director: Eloy Enciso

#### MARTES 4 de novembro

##### ■ 18.00 *El sueño de la tierra*

Premio ESPIELLO CHOBEN

Directores: Eva Abad Castellar

y Pablo García Cabrera (Huesca)

##### ■ 19.00 *A terceira pola*

Director: Rubén Pardiñas

#### MÉRCORES 5 de novembro

##### ■ 19.00 *Atrás de las sombras*

Premio ESPIELLO RECHIRA

al mejor trabajo de investigación

Director: Óscar Ramírez González (México)

##### ■ 20.00 *Los pastores del Bosque Flotante*

Accésit especial ESPIELLO

Directores: José Carlos Díaz

y Salvador Castillejos (Valencia)

#### XOVES 6 de novembro

##### ■ 18.00 *Kardala*

Premio ESPIELLO al mejor documental etnográfico

Director: Juan Bidegain (Biscaia)

##### ■ 19.00 *Bolivia para todos*

Directores: Emilio Cartoy Díaz

e Cristian Jure (Arxentina)

##### ■ 20.00 *Clausura da Mostra*

## Exposición fotográfica *Entre amig@s*

### CHAMADA Á PARTICIPACIÓN

Para o próximo ano 2009, a Oficina dos Socios vai preparar unha nova edición da mostra de fotografía bienal *Entre amig@s*, que terá lugar no mes de maio, facéndoa coincidir coa asemblea ordinaria dos Socios do Museo.

As contribucións á exposición enviaranse ao Museo ata o 31 de marzo de 2009. Deberán ser series de entre 4 e 10 imaxes, en branco e negro ou cor e en formato aproximado entre 18 x 24 e 26 x 36 cm. Haberán vir acompañadas dun texto (unha páxina DIN A4) que faga constar a autoría, lugar e data da reportaxe, título da serie e unha breve análise ou descrición da mesma.

Para máis información, os socios e socias interesadas pódense poñer en contacto con Rosa Méndez no teléfono 981 583620 ou no correo electrónico biblioteca@museodopobo.com

Esperamos a vosa participación e anticipamos o agradecemento a todos os que decidades colaborar.



*Entre amig@s* 2007. Foto: Fani Lodeiro

## NOTICIAS CON NOME PROPIO

### PARABÉNS

O patrón **Avelino Pousa Antelo** foi recoñecido co premio Ramón Piñeiro "Facer País" na súa sétima edición. Instituído polas Asociacións Culturais da comarca de Sarria e o Val do Neira, o Concello de Láncara, o Club Unesco-Sarria e o C.P.I. Ramón Piñeiro, o galardón recoñece o labor desenvolvido por unha persoa ou entidade galega. A entrega permanente ao país como galeguista, docente, cooperativista, escritor, político e animador cultural, foron os méritos recoñecidos polo Xurado en Avelino Pousa Antelo.

### NECROLÓXICA

Con gran sentimento damos conta do pasamento do patrón **Gustavo Santiago Valencia**, acaecido o pasado 18 de agosto. Membro do Padroado do Museo desde 1978, Santiago Valencia naceu en Ourense en 1924 e entrou en contacto co galeguismo na adolescencia, a través do círculo da Xeración Nós. Estudou enxeñería no ICADE e desenvolveu a maior parte do seu exercicio profesional na empresa FENOSA. Domiciliado desde os anos 60 en Compostela, participou activamente en diversas institucións culturais, como as Fundacións Rosalía de Castro, Alexandre Bóveda e Castela. Especialmente relevante foi a súa etapa como presidente do Pedrón de Ouro. A súa contribución ao Museo do Pobo Galego materializouse singularmente nas constantes doazóns á biblioteca.

### OS SOCIOS E PATRÓNS ESCRIBEN

Acusamos recibo e agradecemos as recentes achegas dos patróns e socios ao fondo bibliográfico do Museo:

ARCA RIVAS, R., PEREIRA, D. *Álbum de guerra: canteiros da Terra de Montes no exército popular de República*. Ourense, 2008

CAMPOS CALVO-SOTELO, J. *Fiesta, identidad y contracultura: Contribuciones al estudio histórico de la gaita en Galicia*. Pontevedra, 2008

CORRAL DÍEZ, D. *Trobo: terra e xente*. Begonte, 2008

GONZÁLEZ PÉREZ, C. *A Semana Santa en Galicia*. A Coruña, 2008 (Sep.)

MARTÍNEZ CRESPO, J. *Corpus Christi en Redondela: figuras, vestido e historia*. Vigo, 2008.

PEPÍN FERNÁNDEZ, M. *Contos da miña aldea*. Vigo, 2008